

Recomendación dirixida ao Concello de Santiago de Compostela polo tratamento dos rúidos nunha zona da cidade

Expedientes: C.6.Q/21484 e
21485/17

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos de [REDACTED] referentes a unha zona saturada de ruído de Santiago e aos prexuízos causados a un negocio de apartamentos turísticos.

ANTECEDENTES

1. No escrito indícanos que son xerente e copropietario dun inmovible sito na zona vella de Santiago de Compostela, rúa San Paio de Antealtares ..., no que se exercen unha actividade de apartamentos turísticos. Debido a actividade de bares e pubs que se atopan na mesma rúa os clientes que se aloxan neses apartamentos non poden durmir. O problema é coñecido polo concello. Dende 2005 esa rúa está catalogada como zona saturada de ruído (ZAS), co cal por lei o concello ten que intentar baixar o nivel de ruído que se produce tanto na rúa como nos bares e pubs que se atopan na rúa. En 2017 a rúa segue coa mesma categoría e os locais funcionan como pubs, cando teñen as licenzas de café-bar. Pediron unha relación das licenzas de apertura dos locais; tres locais que funcionan como pubs teñen licenzas de café-bar (teñen a música alta e non están acondicionados -insonorizados, dobre porta, etc.-). Nalgún destes bares tamén se realizan concertos con música en vivo, co que o son síntese en todo o edificio. Estes locais teñen aberto ata altas horas da madrugada e as terrazas no verán están abertas ata as 3 ou 4 da mañá. Fixeron dúas queixas ao concello e varias chamadas á policía, sen ningunha resposta do concello. Tiveron unha reunión cunha responsable de urbanismo, sen resultado. Envían copias das queixas realizadas e de varias noticias saídas nos medios de comunicación con respecto aos locais e rúidos que se soportan na rúa. Solicitan amparo ante a institución xa que se senten desamparados polo Concello de Santiago e ven fracasar o negocio por culpa de problemas alleos.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Santiago de Compostela, que nola remitiu. Indicou o seguinte:

"... Primeiro: que no mes de marzo, remitiuse notificación a [REDACTED], comunicándolles o tipo de licenza coa que contaban os locais denunciados, a saber, O CHOIVA, CARRILANA, SÉCULO IX, KAPITAL, BORRIQUITA DE BELÉN, situados nos números

15, 16, 19, 20 e 22 da indicada Rúa. Segundo: que no mes de maio, solicitouse da Policía Local, a realización de inspeccións rutinarias en días e horas distintos, coa finalidade de comprobar o funcionamento dos locais con relación aos termos das súas respectivas licenzas. Terceiro: que como consecuencia da inspección, a Policía Local remiteu informe no mes de xuño, do que se desprende que os locais referidos, veñen realizando actuacións de diferente entidade e natureza non amparadas pola súa licenza de apertura. Cuarto: en vista das probas aportadas pola Policía Local, incoaráanse os correspondentes expedientes administrativos en orde á adecuación dos locais á legalidade”.

3. Con posterioridade ao informe os afectados remitiron novo escrito con información sacada de internet na que se da conta de que os sinxelos bares sen embargo funcionan (seguen funcionando) como pubs. Ademais sinalan que en agosto se fixeron numerosos concertos na zona con motivo do festival “Feito a man”, organizado pola A. C. Cidade Vella. A maioría comezaron ás 22.00 e o concello os autorizou, a pesar de coñecer que a zona é ZAS e que por tanto non debe autorizar concertos (mais rúidos).

4. De novo dirixímonos ao concello co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados, en concreto sobre as específicas irregularidades de cada local, sobre as medidas adoptadas, e sobre o seu cumprimento voluntario ou forzoso; sobre a apertura de expedientes sancionadores, á vista do incumprimento das licenzas (falta administrativa); sobre os promotores dos concertos (os locais?) e sobre a súa autorización polo concello, a pesar de ser nunha ZAS; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes. O concello sinalou o seguinte:

“... esa Valedora traslada a este concello facendo fincapé acerca das seguintes cuestións:

1.-Sobre os concertos en vivo que se levan a cabo nos locais da praza e a reacción municipal. 2.-Sobre o autorizado nas terrazas, en especial en canto ao horario e sobre o seu cumprimento. 3.-Sobre a resposta dada as denuncias. 4.-Sobre as medidas adoptadas ou previstas. 5.-Sobre as demais circunstancias elevantes.

SE INFORMA:

Sobre o sinalado en primeiro lugar: que dende o ano 2004 ate o ano 2017 veñen asinándose convenios de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella.

Segundo consta nas cláusulas dos convenios, estes teñen por obxecto a revitaliación socio económica do Casco histórico, apoiar a actividade empresarial en xeral e o turismo en particular, reportando non só beneficios ao sector senón que tamén dinamizaría social e culturalmente a zona e crearía emprego.

Nos celebrados no ano 2016, concretamente, no que a actividade de celebración de concertos se refire; especificase que estos son dunha hora e media de duración, con músicas de carácter acústico ou que usen de xeito controlado a amplificación, dentro do límite de decibelios permitido.

Aos convenios achéganse Anexos a efectos de comunicación de establecementos, espazos, días e horarios, entre os que se atopan os locais Borriquita de Belem, Kapital, e outros ate un total de vinte.

Asemade como obxectivos estabrecense: Dinamizar o caso histórico da cidade. Divulgar a creación artística engadindo valor ao Patrimonio da humanidade. incorporar á oferta de destino unha programación cultural de calidade, variada e de pequeno formado. Promover un modelo de desenvolvemento decrecente: a Compostela dos oficios, dos artistas, dos artesáns...

Evidentemente, tal oferta debe ser respectuosa co medio ambiente e co descanso dos veciños.

En conclusión, a problemática, ao entender deste concello, non radica tanto na existencia da oferta cultural que, entende esta administración resposta e incide claramente na consecución dos obxectivos plantexados; senón, en que se acaden os obxectivos con respecto ao descanso veciñal.

Sobre o sinalado en segundo lugar:

Constan concedidas autorizacións para a ocupación de vía pública con terraza para café para os locais SECULO IX, BORRIQUITA DE BELEM, CARRILANA E KAPITAL.

O horario é o estabrecido na Ordenanza Municipal reguladora das terrazas e quioscos de hostelería no seu artigo 6; a saber, ata a 1 da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2 da madrugada aos sábados e domingos. Os meses de xullo e agosto o horario de peche será ás 2 e media da madrugada tódolos días . O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 11:30 horas da noite entre semana e ata ás 12:00J-Oras en sábados e domingos podendo prorrogarse en época-de festas.

Ao SECULO IX tramitouse un expediente sancionador por non respectar as condicións do permiso de ocupación.

Ao establecemento BORRIQUITA DE BELEM, dous, por non respectar o horario e falta de limpeza. O primeiro incurriu en caducidade.

Ao establecemento CARRILANA, tramitouse un sancionador por non axustarse ao permiso de ocupación.

Finalmente o local KAPITAL, non ten ningún expediente sancionador incoado.

Sobre o sinalado en terceiro e cuarto lugar:

Téñese incoado expediente de reposición da legalidade aos locais e notificado a resolución aos denunciantes.

Desde a notificación aos locais, ordeando funcionar coas portas e ventás pechadas e nos termos da súa licenza; non constan máis partes policiais.

Na semana vindeira, farásese inspección por parte de arquitecto municipal a cada un dos locais.

Ao respecto do festival FEITO Á MAN, remíteselle copia do informe elaborado polo técnico de xestión e programación cultural, como consecuencia da queixa que nos ocupa, no que se fai constar que o mesmo estase a desenvolver en Compostela desde o ano 2006.

Por último, debemos comunicar que este Concello ten a intención de realizar estudos de son ao longo do ano 2018 que permitan elaborar unha diagnose sobre a verdadeira incidencia das actuacións culturais proxectadas e do ruído existente nas rúas de zonas de Compostela con incidencia singular”.

“Informe relativo á programación do festival Feito á man 2017.

En relación co oficio do 16 de novembro de 2017 remitido polo negociado de disciplina urbanística no que se se require ao departamento de cultura a emisión dun informe relativo á programación de Feito á man 2017 e histórico da súa celebración, emítese o presente Informe

A Asociación Cultural Cidade Vella, promotora do festival “Feito á man” vén asinando convenios anuais co Concello de Santiago de Compostela, de xeito continuado, desde o ano 2004 para a celebración de distintas actividades artísticas e musicais. O festival Feito á man incorpórase neses convenios no ano 2006.

Feito á Man é un festival de rúa que se vén celebrando dende o ano 2003, ten lugar durante o mes de agosto nas rúas e prazas da zona vella de Santiago.

Os espazos nos que se desenvolven os espectáculos son, por unha banda, as terrazas dos locais integrantes da Asociación e algúns locais colaboradores, e pola outra, certos espazos máis amplos como as prazas de Cervantes ou a Quintana.

As actividades que inclúen son principalmente musicais pero tamén se incorporan propostas teatrais, poéticas, artísticas e performáticas que se desenvolven en horarios de mañán, tarde

e noite. As principais horas das actividades foron: 13:30, 20:00 e 22:00. A duración de cada unha delas oscila entre os 60 e os 90 minutos aproximadamente salvo cando actúan varias formacións na que cada actuación individual é máis curta e a duración global pode ser un pouco maior.

A distribución por horas foi a seguinte:

13.30	14.00	18.30	20.00	20.30	21.00	21.15	21.30	22.00	22.30	00.30
10	2	1	18	2	2	1	4	15	4	1

Nas últimas edicións o seguimento do público foi aumentando significativamente e na actualidade sitúase en torno aos 35.000 espectadores, moitos deles turistas e visitantes da cidade no período estival.

O festival FEITO A MAN do ano 2017 tivo lugar do 3 ao 30 de agosto e a súa programación foi a seguinte: ...”

5. Os afectados indicaron que a situación segue a ser a mesma, que os ruídos transmítense constantemente ao seu edificio e que o concello non actúa para corrixilo. Indicaban que o concello requirira aos locais que se axustaran á licenza concedida de xeito inmediato e nun prazo de 10 días. Sucedeu nos casos do Carrilana, o Kapital, o Choiva e o Borriquirá.

6. Á vista dos amplos informes aportados de novo dirixímonos ao concello co fin de achegar unha valoración provisional, na que indicábase fundamentalmente que debía facer que o funcionamento dos locais se axustara ás licenzas (de sinxelo café, bar ou similar), posto que funcionan como pubs. A comprobación e corrección diso non require medicións. Despois de impedir que os locais funcionen como pubs podería ser preciso facer comprobacións sonométricas, pero deben ser non programadas. Tamén deben evitarse os ruídos na rúa, en particular polas terrazas. E os concertos só poden celebrarse en locais expresamente habilitados, o que non é o caso en ningún dos locais obxecto da queixa.

Por todo o exposto de novo dirixímonos ao Concello de Santiago de Compostela co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración. Xa nola remitiu e sinala o seguinte:

“... o Concello vai a realizar un estudo acústico de avaliación dos niveis de presión sonora soportados polos Apartamentos... sitos en Praza San Paio de Antealtares... No estudo valoraránse os seguintes ítems: -Identificación número de actividades. -Existencia de terrazas (afluencia) montaxe e desmontaxe. -Disposición das portas e ventás (abertas ou pechadas). -Influencia de actividades de limpeza viaria/urbana. -Confluencia sistema de distribución de

produtos aos locais. -Uso de aparellos de televisión e equipos de música. -Sistema de ventilación.

Na oferta presentada, a empresa sinala que "as medidas realizaránse en puntos que se repartirán no interior das estancias previsiblemente máis afectadas dos apartamentos pola actividade dos locais de ocio (preferentemente dormitorios), en horario nocturno. Na oferta, a empresa require a confirmación do permiso e posta en contacto co responsable dos apartamentos sitos na Praza de San Paio de Antealtares...

Para levar a cabo o estudo, solicitouse aos titulares dos apartamentos turísticos e denunciante ante esa Institución, que no prazo de dez días presentaran escrito no Concello de Santiago de Compostela, manifestando á súa vontade de permitir a realización das indicadas probas..."

ANÁLISE

1. O novo informe municipal sinala que realizará un “estudo acústico de avaliación dos niveis de presión sonora” no establecemento que rexentan os reclamantes. Diso poden derivarse algunhas medidas adecuadas. Porén, seguen sen concretarse as necesidades postas de relevo nas conclusións provisionais que trasladamos ao concello co fin de garantir os dereitos potencialmente afectados.

2. Tanto a valoración provisional como a queixa subliñan que o concello debería requirir aos locais que se axustaran á licenza concedida. Con carácter previo á análise das inmisións ilegais de ruídos (que polas circunstancias indicadas polos axentes parecen claras) o problema a abordar é o funcionamento dalgúns dos locais sen axustarse ao previsto na licenza, de sinxelo café, bar ou similar, pero que sen embargo funcionan como pubs. Confirmouse polos funcionarios informantes dos expedientes de reposición e os axentes que levantaron as actas, segundo consta na documentación.

O concello non indicou as medidas adoptadas. Incoou expedientes de reposición da legalidade aos locais e notificou á resolución aos denunciante, pero non se expresa o resolto e a súa execución. Desde a orde de funcionar coas portas e ventás pechadas e nos termos da súa licenza non constan máis partes policiais. E anunciou unha inspección do arquitecto municipal a cada local. Porén, segue sen coñecerse o seu resultado aos efectos que tratamos.

Os locais que teoricamente son bares funcionan en realidade como pubs, o que confirman as comprobacións. Se os establecementos teñen licenza de sinxelo café-bar, non de café especial ou pub, pero funcionan con música a alto volume, non ambiental ou baixo,

incumpren o catálogo de establecementos - Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 292/2004-, que prevé os locais que funcionan con música, polo que *a sensu contrario* prevé os que non poden tela.

3. Os feitos comprobados non son posibles incumprimentos urbanísticos cúa legalidade deba ser avaliada para coñecer se son ou non legalizables. Polo contrario, son infraccións (no caso de confirmarse) que deben ser tratadas como tales para que produzan o efecto disuasorio propio das sancións.

A comprobación destas circunstancias non require facer medicións, senón a inspección necesaria para saber de que tipo de locais estamos falando. E se trátase de pubs deberan realizarse as correspondentes actas de infracción, tramitarse os expedientes sancionadores e adoptarse as medidas cautelares para impedir que funcionen dese xeito.

O control preventivo e continuado protexe o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas. Coa tramitación do control non termina o labor do ente local; ábrese unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita do control das actividades.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de concederlles as licencias de funcionamento. A maior parte destes locais funcionan sen axustarse ao permitido na licenza, e o outro (o que ten licenza de bar especial) é protagonista de incumprimentos puntuais.

O anterior criterio trasladouse en numerosas ocasións a outros concellos ante supostos similares e é acorde co legalmente previsto e coa xurisprudencia que o aplica.

4. No caso de que despois de actuar para impedir que os locais funcionen como pubs e obrigar a que se axusten aos seus requisitos, entón podería ser preciso facer tamén comprobacións santométricas. Pero o ente local segue sen aclarar que fixera esa labor previa de garantía, como tampouco aporta medicións ordinarias, isto é, de comprobación das posibles infraccións cando estas se denuncian mediante chamada dos afectados.

As medicións son necesarias para comprobar e sancionar as infraccións por rúidos, que causan evidente menoscabo no dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar (art. 18. 1 e 2 CE) e noutros dereitos constitucionais, e para disuadir aos responsables de seguir facéndoo.

Deben facerse no preciso intre en que os afectados avisan aos axentes responsables da acta, que acudirían de forma discreta -se non o fan dese xeito non poderán comprobar a suposta infracción- e cantas veces sexa preciso ata facer valer o efecto disuasorio das consecuencias legais previstas para infraccións que adoitan repetirse noite tras noite, convertendo a situación dos afectados, no caso de confirmarse, nunha conculcación habitual dos seus dereitos. Non é adecuado o control programado, que pode verse afectado por numerosos medios de fraude.

O concello anuncia agora un “estudo acústico de avaliación dos niveis de presión sonora” que dea conta das inmisións procedentes de diferentes fontes de ruído, o que fará a través dunha empresa. Esta iniciativa pode ser útil a algúns efectos, como tamén outras comprobacións programadas; pero non poden excluír as comprobacións relacionadas coas inmisións nocturnas que se denuncian, como xa apuntamos.

5. O concello tamén segue sen aclarar as actuacións para evitar os ruídos na rúa, da súa competencia, neste caso os provocados fundamentalmente polas terrazas. Sinala no seu último informe que os locais teñen autorizacións para a ocupación de vía pública con terraza e o horario é ata a 1 nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2 os sábados e domingos. Os meses de xullo e agosto o horario de peche é ata as 2 e media tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 11:30 entre semana e ata ás 12 en sábados e domingos podendo prorrogarse en época de festas.

Indica que nun caso tramitou un expediente sancionador por non respectar as condicións do permiso de ocupación; dous noutro por non respectar o horario e falta de limpeza, un deles caducado (o que sería responsabilidade do concello); noutro tramitou un sancionador por non axustarse ao permiso de ocupación; e outro non ten ningún expediente sancionador.

Nesta época o horario debera ser reducido e mais amplo noutras. Porén, iniciáronse expedientes sancionadores sobre todo por deficiencias na ocupación, pero non polas molestias relacionadas con terrazas de actividades que non deberían comportarse como pubs.

A lei do ruído establece a necesidade de que as ordenanzas indiquen as condicións para cumprir os límites de ruído na rúa. O anterior decreto de ordenanza-tipo debera terse trasladado ao concello e nel se sinalaba que debería respectarse a conduta cívica ordinaria. Ademais o decreto galego 106/2015 prevé que os concellos conten cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal no prazo dun ano dende a entrada en vigor do decreto (transcorrido).

As terrazas non contan cos elementos que eviten a transmisión do son (illamento ou insonorización) que si teñen os edificios. Son elementos exteriores nos que o respecto ao interese público e dos veciños debe ser condición implícita do seu funcionamento, en especial en zonas residenciais. O marxe de condicionamento do concello é maior, posto que trátase de permitir a ocupación do dominio público. Por iso, en zonas residenciais debe plantexarse un horario que non sexa o mesmo que o do propio local, en especial no caso dos pubs. E os promotores deben asumir como condición imprescindible o respecto dunha conduta cívica por parte da clientela.

6. No relativo aos concertos, nos que céntrase gran parte do primeiro informe municipal, nun expediente consta comprobado un que non formaría parte da programación aludida; se fixo con amplificación, segundo consta. Porén, descoñecemos o actuado e executado ao respecto.

Ademais, xa tivemos ocasión de trasladar ao concello que os concertos so poden celebrarse en locais expresamente habilitados para iso nas súas licenzas, o que non é o caso nos locais obxecto da queixa, e que o concello non é competente para excepcionar esa circunstancia mediante autorización de concertos nestes locais.

7. En resumen, o Concello de Santiago de Compostela segue sen aclarar as actuacións para impedir e corrixir (sancionar) as irregularidades detectadas, en especial o funcionamento dos locais sen axustarse a licenza de café-bar; nin o funcionamento adecuado das terrazas; nin a corrección dos concertos comprobados; nin outras posibles infraccións (aforo, portas ou ventá abertas ...) que constan nos expedientes dos que deu conta; nin as medidas para impedir o ruído nocturno na rúa provocado pola presenza de persoas ás portas dos locais.

8. As persoas que promoveron a queixa están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. Da información dispoñible dedúcese que o Concello de Santiago de Compostela non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de

Compostela a seguinte recomendación:

Que con urxencia se impida e corrixa o funcionamento como pubs (con música amplificada como elemento principal) dos locais con licenzas de sinxelos cafés ou bares; que con urxencia se comprobem as inmisións denunciadas polos reclamantes mediante medicións non programadas; que con urxencia se corrixa a celebración de concertos nos locais non habilitados; que con urxencia se corrixa o funcionamento ruidoso das terrazas; que con urxencia se corrixa a contaminación acústica nocturna na vía pública, de competencia municipal; e que con carácter xeral se protexan adecuadamente os dereitos fundamentais e doutra natureza conculcados pola situación pola que se reclama.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo